

LITERARIA



A profesora Camiño Noia.

MARIBEL LONGUEIRA

Camiño Noia

“Temos unha poesía popular espléndida”

MANUEL VIDAL VILLAVERDE

—Antropoloxía da vida e a morte dun pobo, “Galicia fondo val”, que diría a nosa poeta e amiga Ánxeles Penas... Estamos no bo camiño e aínda queda moito gran que moer..?
—Queda moito gran que moer, se non nos quitan o muíño. Galicia como país non anda polo bo camiño; vai, máis ca nunca, cara á metrópoli global. Os modelos veñen de fóra e admitímolos sen cribar. Imos abandonando o noso para aceptarmos o alleo. Galicia estase desgaleguizando, no idioma, nos costumes e mesmo nas comidas, que é tamén cultura.
—O ser galego ten unha visión especial da morte que pode

coincidir ou non con outras xeografías diversas e distantes?
—O ser galego coincide co doutros pobos, e todos os pobos do mundo tiñan unha visión “especial” da morte. Respectábana e temíana coma un misterio e, ó mesmo tempo, tentaban entendela creando mitos, lendas e contos. Era unha morte domesticada. No mundo actual sabemos as razóns científicas da morte e, a diferenza dos nosos antergos, queremos ocultala.
—A tradición oral foise perdendo?
—A tradición oral das comunidades rurais está practicamente perdida en todos os países europeos. Foi desaparecendo a medida que o campesiñado foi cambiando os modelos tradicionais de vida, abandonado os traballos colectivos, as

xuntanzas familiares e veciñais e introducindo a televisión nas súas vidas. A oralidade encheuse coas historias televisivas, das novelas e das vidas espectáculo.
—Que papel xoga o canis lupus arredor da morte?
—O can-lobo non ten máis relación coa morte que a producida polo ataque ás persoas, por fame ou en defensa. Mais, antigas historias galegas falan do “can do mar” ou “can Urco”, procedente do Outromundo, que nas noites escuras podía aparecer ouveando, saíndo do mar ou dunha espesura. Para a nosa xente era o aviso de que a morte estaba próxima.
—Hai unha poesía popular que convén estudar máis polo miúdo?
—Temos unha poesía popular es-

pléndida, semellante á doutros países europeos, que está na base da produción lírica e de escarnio medieval, nos “Cantares Gallegos” de Rosalía e na poesía doutros autores. Unha poesía á que se lle prestou moita máis atención cá narrativa oral e da que se fixeron boas coleccións e estudos. Mais, como toda a literatura oral, está ausente dos programas académicos.
—A vida é unha flor que procura un destino...?
—Esta pregunta é máis ben un pensamento. Simbolicamente podemos dicir que a vida é unha flor que dura o que tarda en murchar e secar. Mais, hai vidas que procuran un destino e hainas que viven sen buscalo, deixándose ir tras do que toque en cada intre.




“Escrita Contemporánea”

■ ■ ■ En “Escrita Contemporánea”, extraordinaria revista tanto de continente como en contido que publica a AELG co patrocinio da Deputación Provincial de Lugo, que foi a cidade onde se celebraron estas xornadas verdo da “Mitoloxía da morte: agoiros, ánimas e pantasmas”. A publicación (en primeira edición con CD incluído) que recolle todas as intervencións dos/as participantes, vai acompañada de boísimas ilustracións, e leva —á maneira de prólogo— unhas liñas do vicepresidente primeiro da Deputación Xosé Antón Bao Abelleira. Os participantes nestas xornadas moderadas por Isidro Novo, que fai o limiar, e unhas liñas introdutorias de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG. A programación distribuíuse da seguinte maneira: “As narrativas sobre a morte na cultura tradicional galega”, de Marcial Gondar Portasany, “Da morte á Morte na cultura popular catalá”, de Joan Soler i Amigó, “A morte pre-vista”, mesa redonda Gondar e Soler; moderador Antonio Reigosa; “Representación da morte na narrativa oral”, de Camiño Noia; “Ánimas, aparecidos e mortos en compañía da tradición galega”, de X. R. Cuba; “Mortos de ida e volta” (mesa redonda) de Camiño Noia e Xoán Ramiro Cuba, moderador Isidro Novo. Parabéns. ■

TINTA FRESCA

Cuarto de outono

María do Cebreiro é unha das grandes voces poéticas da nación galega. Investigadora literaria, ensaísta e profesora, é coñecedora de distintas linguas e unha excelente tradutora. Entre outras traducións ad hoc, ela traduciu ao galego “Tres vidas” (2006) de Gertrude Stein. En Sotelo Blanco Edicións, 121 páxinas. Os nosos parabén a nosa amiga



Cabalo de ouros

En Editorial Galaxia, 361 páxinas. Despois dun longo tempo de silencio o noso amigo regresa cun estupendo libro: “Cabalo de ouros”, un volume que haberá catro ou cinco anos o propio Víctor me anunciou despois de presentar outro libro da editorial que el dirixe. O que en principio ía ser unha serie de relatos, constitúe agora unha interesante novela que fará as delicias de quen lea.

Areaquente

En Sotelo Blanco Edicións, 187 páxinas. An Alfaya, coa amenidade e bo facer que a caracteriza entrega unha interesante peza onde unha persoa vai fuxindo dunha dolorosa historia de desamor. A novela prende ao lector ou lectora, pois é certamente engaioladora a escrita da nosa boa amiga An Alfaya, a quen desexamos moitos éxitos que damos por seguros.

